

CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL/ANINOVO CON TEXTOS DE BOS DESEXOS PARA O 2021

O EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (ENDLG) E O DEPTO. DE E. PLÁSTICA convocan un CONCURSO DE POSTAIS CON TEXTOS ORIXINAIS EN GALEGO que expresen bos desexos.




BASES:

1. Poderá participar neste concurso todo o alumnado do instituto individualmente.
2. O motivo do debuxo será orixinal, preferentemente, de paisaxes invernaís galegas ou sobre as festas desta época.
3. O tamaño das postais será DIN A5, é dicir, cartolina tamaño medio folio de cor clara ou branca.
4. Cada autor/a poderá participar neste concurso de postais cun máximo de dúas co seu texto correspondente en galego con boa letra.
5. Cada postal levará a IMAXE por diante e o TEXTO por detrás co nome do/a alumno/a e o grupo.
6. A postal gañadora será dixitalizada polo EDLG para felicitar con ela a toda a comunidade educativa.
7. O xurado estará formado pola Comisión de Dinamización Lingüística e o seu fallo será inapelable.
8. Os premios entregaranse nas aulas o luns, 21 de decembro.
9. Os participantes no concurso, polo feito de facelo, aceptan estas bases.
10. PRAZO: As postais poderanse entregar ata o luns, 14 de decembro, ás vosas profesoras de Plástica e, os que non tedes Plástica, aos vosos/as profesores/as de Galego.
11. Establécense os seguintes premios:
 - 1º- Para o gañador absoluto haberá un VALE de 20 €, un diploma, e un premio sorpresa.
 - 2º- Para os mellores de cada nivel haberá un diploma, e un premio sorpresa.
 - 3º- Para o mellor de cada aula tamén haberá diploma e premio sorpresa se ten unha calidade mínima.



Usa a lingua galega!



ENDLG

Ex. de texto para as postais: “Querido 2021:

Envólvote en papel de prata como un dóce de Nadal e gárdote do trinquete. Como podería senón abrir a porta ao Aninovo?” Olalla Cociña

A Coruña, 2 de decembro de 2020